

Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Convocatoria de prazas para a realización de Prácticas Académicas Externas

CURSO ACADÉMICO 2018-2019

Normativas de aplicación:

Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela; Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade da Coruña (aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013, máis as modificacións parciais aprobadas en Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015); e Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

1. Calendario da presente convocatoria:

- 1.1 Publicación da convocatoria: 7 de novembro de 2018
- 1.2 Prazo de presentación de solicitudes nos decanatos: do 8 de novembro ao 21 de novembro até ás 14:00
- 1.3 Publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas: 23 de novembro
- 1.4 Presentación de reclamacións á listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas: do 26 ao 28 de novembro até as 14:00
- 1.5 Publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas: 29 de novembro
- 1.6 Procedemento de selección por parte da Comisión para a adxudicación de prazas: do 30 de novembro ao 11 de decembro
- 1.7 Publicación da listaxe provisoria de adxudicación de prazas: 12 de decembro
- 1.8 Período de reclamacións á listaxe provisoria de adxudicación de prazas: do 13 ao 17 de decembro até as 14:00
- 1.9 Publicación da listaxe definitiva de adxudicación de prazas: 18 de decembro

2. Requisitos dos candidatos:

- 2.1 Estar regularmente matriculado nos estudos de Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións.
- 2.2 Solicitar nos **Decanatos das Facultades participantes no Máster** a participación no proceso de selección de candidatos para a realización das

prácticas, nos prazos indicados no apartado 1 anterior, achegando: **(a)** unha copia simple (non compulsada) do seu expediente académico de grao ou licenciatura; **(b)** o formulario publicado como Anexo I, debidamente cumprimentado.

3. Proceso de selección:

- 3.1 Os estudantes incluírán no impreso de solicitude todas as empresas/institucións nas que desexen realizar as prácticas por orde de preferencia.
- 3.2 A Comisión de Coordinación Interuniversitaria (CCIU) do mestrado procederá a adxudicar de oficio as prazas en función das preferencias manifestadas polos solicitantes. Naqueles casos en que haxa máis solicitantes para unha empresa/institución que prazas dispoñibles os candidatos serán baremados **atendendo á media do seu expediente académico de grao ou licenciatura.**

4. Características académicas, organización e oferta:

- 4.1 As prácticas realizadas en empresas e institucións terán carácter formativo.
- 4.2 As prácticas, pola súa natureza formativa ao estar integradas no sistema de créditos do Máster, teñen o carácter dunha materia do título, polo que non serán remuneradas.
- 4.3 Todas as prácticas terán unha duración de 150 horas e equivalerán a 6 ECTS. Nas 150 horas de duración están comprendidas as horas para a redacción da memoria das actividades realizadas no período de prácticas que o estudante deberá entregar ao seu titor e que, xunto coa valoración do traballo desenvolvido, será tida en conta á hora de avaliar o período de prácticas.
- 4.4 As prácticas realizaranse no horario que cada candidato seleccionado acorde coa empresa ou institución de acollida. O lugar de realización das prácticas será, habitualmente, a sé da empresa ou institución.
- 4.5 As empresas e institucións colaboradoras nesta convocatoria, e as prazas ofertadas son as que figuran a continuación:

EMPRESA/INSTITUCIÓN	LUGAR	Nº PRAZAS
Centros públicos		
Centro de Linguas, UDC	A Coruña	2
Instituto Universitario de Estudos Irlandeses AMERGIN, UDC	A Coruña	5
Oficina de Relacións Internacionais (ORI), UDC	A Coruña	2
Centros públicos		
Centro de Linguas Modernas, USC	Santiago Lugo	1 1
Oficina de Relacións Exteriores, USC	Santiago	3

Oficina Web, USC	Santiago	2
Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, USC	Santiago	2
Servizo de Publicacións, USC	Santiago	2
GI-1383 Variation, Linguistic Change and Grammaticalization, USC	Santiago	1
GI-1762 Spoken English Research Team at the USC	Santiago	1
GI-1924 Discourse and Identity Research Group, USC	Santiago	1
Concello de Santiago de Compostela	Santiago	3
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Santiago	5
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	Santiago	3
Centros privados		
Centro PEN Clube Galicia	Santiago	3
Fundación Araguaney	Santiago	3
Grupo El Correo Gallego	Santiago	3
Teófilo Comunicación	Santiago	3
Centros públicos		
Biblioteca Central, UVigo	Vigo	2
Fundación Universidade de Vigo	Vigo	2
Vicerreitorado de Relacións Internacionais, UVigo	Vigo	1
Vicerreitorado do Campus de Pontevedra	Pontevedra	2
Centros privados		
Colegio Los Sauces	Mos, Pontevedra	2
Colexio Internacional SEK-Atlántico	Poio, Pontevedra	2
ISTRAD – Centro Superior de Estudos Lingüísticos e Tradución	Sevilla, online	3

NOTA INFORMATIVA: Todas as convocatorias e listaxes serán publicadas na páxina web do título, nos taboleiros de información das Facultades de Filoloxía das Universidades participantes, así como nas páxinas web das respectivas Facultades.

En Santiago de Compostela, a 7de novembro de 2018

**Asdo.: Carlos Acuña Fariña
Coordinador**



Universidade de Vigo

ANEXO I

Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións

Convocatoria de prazas para a realización de Prácticas Académicas Externas para o curso académico 2018-2019

FORMULARIO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS:

APELIDOS.....

NOME.....

N.I.F/ N°. PASAPORTE.....

ENDEREZO POSTAL.....

ENDEREZO ELECTRÓNICO.....

TELÉFONO DE CONTACTO.....

(Deberanse indicar un ou varios teléfonos nos que poida ser facilmente localizable)

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso de selección das prazas de prácticas en empresas e institucións convocadas para o curso académico 2018-2019.

MANIFESTA a seguinte orde de preferencia entre a oferta publicada na convocatoria:

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

6.....

7.....

8.....

- 9.....
- 10.....
- 11.....
- 12.....
- 13.....
- 14.....
- 15.....

En, a de noviembre de 2018

Asdo.

SR. COORDINADOR
CARLOS ACUÑA FARIÑA